

“OS FILMES DE AGUSTÍN”

CHARLA DE MARTIN PAWLEY

SOBRE A PAIXÓN POLO CINEMA DE
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

MARTES 23 DE ABRIL DE 2024 - 20:00 HORAS

CASA DA CULTURA DE VILALBA



os filmes de
Agustín

MARTES 23
DE ABRIL
ÁS 20:00
CASA DA
CULTURA
VILALBA

charla de Martin Pawley sobre
a paixón polo cinema de
Agustín Fernández Paz



O Instituto de Estudos Chairegos organiza a charla “**OS FILMES DE AGUSTÍN**”, impartida por **MARTIN PAWLEY**, crítico, programador, produtor de cine e divulgador científico, sobre a paixón polo cinema de Agustín Fernández Paz.

O acto terá lugar o **martes 23 de abril de 2024, ás 20:00 horas**, na **Casa da Cultura de Vilalba**, e será presentado por **Marisa Barreiro**, presidenta do Iescha.

(ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO).

Descrición:

O amor polo cinema de Agustín Fernández Paz foi unha característica esencial da súa vida e da súa obra literaria, onde esa paixón se expresou de forma explícita en libros coma "Amor dos quince anos, Marilyn" e "Fantasmas de luz".

Martin Pawley, crítico de cinema e amigo persoal do autor vilalbés, fará nesta charla un percorrido pola formación cinéfila de Agustín Fernández Paz e repasará algúns dos seus filmes preferidos.

MARTIN PAWLEY (A Coruña, 1974) é crítico de cine, programador e produtor. Xunto con Marcos Pérez, dirixiu o documental *Ilusiones visuales* (2006) e a curta experimental *Fogos* (2017). Está moi orgulloso dos obradoiros de cine que cada semana imparte na Coruña no Fórum Metropolitano e no Centro Ágora. A divulgación científica no ámbito da astronomía é outra das actividades coas que pasa o tempo. Colaborou co Iescha en varias actividades.

